



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL E CREACIÓN DE BOLSA DE RESERVA PARA OS ANOS 2020 – 2021

Acta de constitución do tribunal cualificador e valoración de méritos

Categoría: Electricista (Oficial 1ª)

(Nº Postos de traballo que se convocan: 1)

Nas instalacións do Auditorio do Centro de Día dos Gozos, en A Derrasa – O Pereiro de Aguiar, sendo as 09:00 horas do día 24 de xaneiro de 2022, procédese á constitución do Tribunal que xulgará os exercicios das probas selectivas para a provisión **dunha (1) praza de electricista (Oficial 1ª) (persoal laboral temporal)**, ao abeiro das bases aprobadas na Xunta de Goberno Local de data 12 de novembro de 2021, e posteriormente publicadas, en extracto, no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello con data 17 de novembro de 2021.

A relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as, así como a sinalización do lugar e data para a constitución do Tribunal, realización das probas e valoración de méritos publicouse na páxina Web e Taboleiro de Anuncios do Concello en data 27 de decembro de 2021.

Estando presentes os membros do Tribunal que se relacionan, queda constituído na seguinte forma:

- Presidente: José Antonio Cerdeira Pérez, Secretario – Interventor do Concello do Pereiro de Aguiar.
- Secretaria: Ana Belén Belmonte Ferreiro, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar.
- Vogais: José Antonio González Gallego, encargado de obras e servizos municipais do Concello do Pereiro de Aguiar.
José Antonio Rodríguez Barros, operario de servizos varios municipais do Concello do Pereiro de Aguiar.
Sonia María Nespereira Rodríguez, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar.

A continuación procedese á valoración dos méritos que se detallan nas bases, a saber:

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL: ata un máximo de 5 puntos.

1. Por servizos prestados en concellos na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta.....0,20 por cada mes completo ou fracción.
2. Por servizos prestados noutras AAPP na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta.....0,10 por cada mes completo ou fracción.
3. Por servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta.....0,10 por cada mes completo ou fracción.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación de certificado de **vida laboral actualizada** expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (orixinal ou copia

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

ANA BELEN BELMONTE FERREIRO (1 para 6)
AUXILIAR ADMINISTRATIVA
Data de Sinalura: 25/01/2022
HASH: 897286846e9197d62c668713dcd5feefr



JOSÉ ANTONIO CERDEIRA PÉREZ (2 para 6)
SECRETARIO - INTERVENTOR
Data de Sinalura: 25/01/2022
HASH: 96555207ee6e65f6cdaae4c21851e1e168



JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ GALLEGO (3 para 6)
ENCARGADO DE OBRAS VARIOS
Data de Sinalura: 25/01/2022
HASH: 7a148edfbb982445221410063a8f9e44



Cod. Validación: 9CA9W1ZKZ2FCT5D7HGM24JPH4 | Corrección: <https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

cotexada), e **copia dos contratos de traballo** ou certificados das empresas. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

Non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

Tampouco se terán en conta servizos prestados mediante a celebración de contratos administrativos de servizos.

B) FORMACIÓN: Valorarase a formación nas materias propias do posto: ata un máximo de 2 puntos.

- | | | |
|----|--------------------------------|-------------------|
| 1. | Cursos de máis de 50 horas: | 0,50 puntos/curso |
| 2. | Cursos de entre 20 e 50 horas: | 0,20 puntos/curso |
| 3. | Cursos de menos de 20 horas: | 0,10 puntos/curso |

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada.

Neste apartado non se valorarán:

- ✓ Cursos de idiomas ou de informática.
- ✓ Cursos formativos promovidos por empresas privadas.
- ✓ A asistencia a Congresos, seminarios, simposios, xornadas e similares.

Os cursos deberán ser organizados, ben por unha administración pública, unha universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha administración pública.

C) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA: ata un máximo de 1 punto.

Polo coñecemento acreditado do idioma galego, computarase unicamente o grao superior ó esixido:

- Curso de iniciación ao galego ou certificación de aptitude do Celga 3: 0,50 puntos.
- Curso de perfeccionamento do galego ou certificación de aptitude do Celga 4: 1,00 puntos.

So se lle concederá validez, polo que á acreditación do idioma galego se refire, aos cursos ou titulacións homologados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellaría de Cultura, Educación e Universidade.

A puntuación máxima neste apartado será de 1 punto.

Non serán tidos en conta os méritos que non estean acreditados documentalmente, conforme ao regulado nestas bases.

Unha vez realizada polo Tribunal a valoración de méritos resultan os seguintes resultados:

	APELIDOS E NOME	DNI	EXENTO GALEGO	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN	COÑECEMENTO LINGUA GALEGA	TOTAL PUNTOS
1	Expósito García Juan Carlos	5946	Si	5,00	0,60	0,50	6,10
2	Calvo Fernández José Luís	4514	Non	5,00	0,20	0,00	5,20

A Presidencia do Tribunal explica o proceso de concurso – oposición, que consistirá:

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

JOSE ANTONIO RODRIGUEZ BARRIOS (4 para 5)
Cofre e servizos
Data de nacemento: 25/01/2022
HASH: f8e46626d04169492a211e49f65f84



SONIA NEGREIRA RODRIGUEZ (6 para 5)
Cofre e servizos
Data de nacemento: 25/01/2022
HASH: f8ade393e463a0614e0ba17b46c5e5d4e



Cod. Validación: 9GAG9VLZKZFC75DZHG24JPH4 | Corrección: https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

1. Na realización dunha proba de coñecementos (no día da data), consistente nun cuestionario tipo test de 10 preguntas, 3 de reserva, con 4 respostas alternativas, e nun suposto práctico sobre as funcións propias do posto de traballo que figuran no Temario (Artigo 8 das bases), a realizar nun tempo máximo de 1 hora.
A valoración máxima por este exercicio será de 12 puntos, necesitando un mínimo de 3 puntos en cada parte para aprobar.
2. Na realización dunha proba de galego (no día da data), consistente na tradución directa dun texto elixido polo Tribunal do castelán ao galego sen axuda de dicionario nun tempo máximo de 1 hora.
Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten, antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes, posuír o Celga 2, curso de iniciación ou estudos equivalentes.
Este exercicio cualificarase de apto/non apto e terá carácter obrigatorio e eliminatorio

Non se producen intervencións e por unanimidade o Tribunal acorda proceder do xeito que propuxo a Presidencia.

E para que así conste e produza os efectos legais oportunos, levántase Acta ás 09:05 horas, no lugar e data anteriormente expresados, unha vez firmada por tódolos membros do Tribunal Cualificador, de cuxo acto esta secretaria certifico.

O presidente,

A secretaria,

Os/as vogais,

